

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADOS DA PROPOSTA DE GASTO PARA PODER LEVAR A CABO TAREFAS DE INVESTIMENTO E ACONDICIONAMENTO NO CENTRO DE CONVIVENCIA DA MILAGROSA.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 28-2022, por un importe total de 50.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivados da proposta de gasto para poder levar a cabo tarefas de investimento e acondicionamento no Centro de Convivencia da Milagrosa.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 1831/2022 de día 18.11.2022, así como RCMOD núm: 2022/80007 de día 18.11.2022, por importe total de 50.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 50.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
23179.48901	50.000,00 €	23161.63200	22XX00046	50.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	50.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		50.000,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac7253767598182324988.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 28-2022 Benestar Social C.C. da Milagrosa

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.